

Certificados de profesionalidade en Socorrismo Acuático

Está previsto no marco do Plan de Emprego Local da Deputación da Coruña, a impartición dos seguintes certificados de profesionalidade en Socorrismo Acuático:

AFDP0209 SOCORRISMO EN ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS_ 420 HORAS (340 formación teórica e 80 formación práctica)

AFDP0109 SOCORRISMO EN INSTALACIÓNS ACUÁTICAS_ 370 HORAS (290 formación teórica e 80 formación práctica)

A formación teórico- práctica realizarase nas instalacións da Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia (FESSGA) en A Coruña, rúa Gambrinus nº 151, nave 3, de luns a venres a razón de 6 horas diarias en horario de mañá (09:00 a 15:00 h.) e as prácticas profesionais non laborais a realizar , en praias de concellos da provincia.

Primeiro desenvolverase a formación en espazos naturais con data de inicio prevista o 6 de marzo de 2017 e logo da tempada de praias, previsiblemente en outubro, desenvolverase a formación en instalacións acuáticas.

Debido ás especiais características do curso e á necesidade de realizar probas física de acceso **só se admitirá un máximo de 5 inscricións por concello.**

O prazo de inscrición será ata o próximo xoves 17 de febreiro ás 14:00 horas, debendo presentar formulario de inscrición e informe médico .

Os requisitos xerais para as persoas candidatas son:

- Ter cumpridos os 18 anos de idade no momento da inscrición.
- Estar empadroad/a no concello de Pontedeume
- Estar inscritas na Oficina de Emprego que lle corresponda e coa tarxeta de demandante de emprego debidamente actualizada á data do prazo de inscrición.
- Non estar dadas de alta ou en activo en ningún réxime da seguridade social para o que achegarán o certificado de vida laboral actualizado ás datas do prazo de inscrición.

Os requisitos específicos para as persoas candidatas son :

1. Nivel académico ou de coñecementos xerais: Estar en posesión dos títulos ou certificados precisos para cursar a formación correspondente ao certificado de profesionalidade de nivel 2.

2. Condicións físicas: Carencia de afeccións crónicas e enfermidades infecto-contaxiosas . Integridade física, resistencia, forza, destreza, coordinación visomotriz, axilidade, rapidez de reflexos.

+ info: no departamento de Servizos Sociais do concello de Pontedeume con enderezo en Avd. do Peirao s/n edificio do xulgado (tfno. 981 433 288 e/ou – angeles.castro@pontedeume.gal